



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A SUSCRICIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A ASOCIACIÓN DE CC.RR. VITIVINÍCOLAS GALLEGOS Y DE LAS II.GG. AGUARDIENTES Y LICORES TRADICIONALES DE GALICIA (ACRUAGA), EN MATERIA DE PROMOCIÓN, FORMACIÓN E ASESORAMENTO DOS VIÑOS DE GALICIA DURANTE O PERÍODO 2026-2027

Primeiro.- Antecedentes

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) desenvolve desde 2019 unha liña de colaboración estable cos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe e coa Indicación Xeográfica de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, mediante a posta en marcha de convenios pluriannuais destinados á promoción internacional dos viños e augardentes galegos.

O primeiro convenio (2019–2022) fixou as bases do modelo de traballo conxunto e levou á creación de ACRUAGA como entidade coordinadora. O convenio seguinte (2023–2025) consolidou esta estrutura, profesionalizou a planificación anual e permitiu incrementar a presenza exterior do sector mediante accións continuadas de formación, promoción e participación en feiras e misións.

A valoración conxunta das actuacións realizadas foi altamente positiva pola súa eficacia, pola mellora da coordinación interdenominacións e polos resultados obtidos en termos de visibilidade internacional. Neste contexto, propónse a sinatura do convenio 2026–2027 para garantir continuidade á estratexia xa consolidada e reforzar o impacto das accións de promoción exterior.

Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos polo convenio

A necesidade deste convenio deriva da importancia de manter un instrumento estable que permita ao sector vitivinícola galego abordar accións de internacionalización que, pola súa natureza e custos, non son asumibles individualmente pola maioría das adegas. A cooperación a través de ACRUAGA facilita unha planificación unitaria, evita solapamentos e garante unha mensaxe común nos mercados exteriores baixo a marca global dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.

A oportunidade do convenio vén determinada pola evolución dos mercados internacionais, cunha crecente demanda de produtos de calidade diferenciada e de orixe certificada. Neste escenario, Galicia conta cunha posición recoñecida e en expansión, polo que resulta imprescindible intensificar a presenza exterior mediante accións coordinadas de promoción, formación e asesoramento.



Os obxectivos principais son:

- Consolidar e incrementar a presenza internacional dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.
- Fortalecer as capacidades das adegas galegas a través de programas formativos adaptados ás necesidades dos mercados.
- Planificar e executar un Plan Conxunto de Internacionalización eficiente, aprobado pola Comisión de Seguimento.
- Optimizar os recursos públicos e privados, evitando duplicidades e garantindo a máxima eficacia das accións.
- Reforzar o posicionamento de Galicia como territorio vitivinícola de referencia, mediante unha imaxe común sólida e recoñecible.

Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

Dada a especificidade do obxecto e das actuacións previstas, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento deste plan de internacionalización, debido ás características singulares de ACRUAGA e á posición que ocupa no sector vitivinícola galego. A Asociación integra aos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e da Indicación Xeográfica Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, entidades que representan á práctica totalidade da produción vitivinícola amparada de Galicia. Esta representatividade outórgalle un carácter único e non substituíble para a execución dun plan conxunto que require coordinación sectorial, capacidade técnica específica e coñecemento directo das adegas e do seu posicionamento nos mercados internacionais.

A colaboración co sector vitivinícola galego para impulsar a súa internacionalización constitúe un obxectivo estratéxico recollido nas políticas de promoción exterior da Xunta de Galicia, orientadas a reforzar a presenza das pemes nos mercados globais e a incrementar o valor engadido das exportacións galegas. Os viños, augardentes e licores tradicionais son produtos de forte identidade territorial, cunha demanda crecente nos mercados exteriores e cun papel relevante na dinamización económica das comarcas produtoras, polo que a actuación conxunta resulta fundamental para maximizar o impacto das políticas públicas.

Tal e como se recolle na parte expositiva do convenio, ACRUAGA conta cunha ampla experiencia na organización de accións de promoción internacional, feiras, misións comerciais e programas formativos especializados, coordinando o traballo conxunto dos Consellos Reguladores. A súa capacidade de actuación, estrutura técnica e coñecemento dos mercados converten a entidade no único interlocutor idóneo para desenvolver un plan integral deste alcance, garantindo a eficacia na execución das accións e a representación equilibrada de todas as denominacións implicadas.



Ademais, o presente convenio non constitúe unha encomenda de xestión nin unha prestación contractual de servizos ao Igape. Trátase dun instrumento de colaboración no que ambas partes contribúen ao logro dun obxectivo común de interese público: a mellora da competitividade e da presenza exterior do sector vitivinícola galego. Non existe contraprestación económica nin intercambio de bens ou servizos a favor do Igape; pola contra, ACRUAGA organiza e xestiona as actuacións co seu propio persoal ou a través dos medios dos Consellos Reguladores, asumindo directamente a coordinación e execución das actividades subvencionadas.

A execución deste plan mediante convenio responde, polo tanto, ao principio de eficiencia na utilización dos recursos públicos, evita duplicidades, garante a unidade de acción e permite optimizar o esforzo promocional conxunto baixo unha mesma estratexia e unha imaxe común de país. As actuacións previstas teñen un claro carácter de utilidade pública, interese social e relevancia económica, razón pola cal resulta plenamente xustificado recorrer a esta figura xurídica para o período 2026–2027

Cuarto.- Obxecto e contido

As accións propostas no convenio para os anos 2026 e 2027 e son as seguintes:

- **Coordinación e xestión do Plan de Internacionalización:** inclúe todas aquelas tarefas de análise, deseño estratéxico e estudo de mercados, así como a secretaría técnica do Plan e a coordinación entre todas as Denominacións de Orixe implicadas.
- **Programas formativos:** dirixidos aos equipos directivos e ao persoal das adegas galegas, co obxectivo de proporcionar a capacitación necesaria que facilite o seu desenvolvemento internacional. Inclúense todos os cursos que ACRUAGA organice para as adegas en ámbitos como xestión, dirección, homologación de calidades ou outros relacionados coa estratexia de internacionalización.
- **Participación en feiras e outros eventos promocionais:** inclúe a asistencia a aquelas feiras e accións consideradas de interese para a promoción internacional dos viños galegos, así como a celebración de demostracións de produto, catas, encontros con prensa especializada e outras accións de difusión.
- **Misións inversas.** Organización de visitas de compradores, clientes ou prescriptores internacionais, facilitando que poidan coñecer *in situ* as adegas e os viños galegos, e favorecendo así a súa aproximación aos mercados exteriores obxectivo.



Quinto.- Financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas no anexo I ascende a trescentos doce mil cincocentos euros (312.500,00 €) que se distribúen do seguinte xeito:

	IGAPE	ACRUAGA	TOTAL
2026	125.000,00 €	31.250,00 €	156.250,00 €
2027	125.000,00 €	31.250,00 €	156.250,00 €
	250.000,00 €	62.500,00 €	312.500,00 €

O IGAPE financiará a contía de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.6400 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para os anos 2026-2027.

ACRUAGA contribuirá cunha achega de sesenta e dous mil cincocentos euros (62.500,00 €), coa distribución que figura no cadro, cos que cofinanciará custo de estruturas (persoal, materiais, instalacións, equipamento) tanto da propia asociación como dos Consellos Reguladores aos que representa.

ACRUAGA carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

Este convenio respectará o disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

O reparto do orzamento distribúese do seguinte xeito, podendo ser aceptadas variacións nas contías previstas nas distintas partidas sempre que se compensen uns conceptos con outros:

Actuación	2026	2027	TOTAL
Coordinación e xestión do Plan de Internacionalización	31.250,00 €	31.250,00 €	62.500,00 €
Programas Formativos	35.000,00 €	35.000,00 €	70.000,00 €
Participación en Feiras e outros eventos promocionais	45.000,00 €	45.000,00 €	90.000,00 €
Misións Inversas	45.000,00 €	45.000,00 €	90.000,00 €
TOTAL	156.250,00 €	156.250,00 €	312.500,00 €



Gastos atendibles

Considéranse gastos atendibles todos aqueles directamente vinculados coa planificación, organización e execución das actuacións incluídas no Plan Conxunto de Internacionalización dos Viños e Augardentes de Galicia para o período 2026–2027. Os gastos deberán cumprir en todo momento os principios de eficiencia, economía e necesidade, axustándose aos prezos de mercado e sendo en todo caso indispensables para o desenvolvemento das actividades previstas.

De acordo co disposto no convenio, terán carácter atendible os seguintes tipos de gasto:

a) Desprazamentos, aloxamentos e manutención

Inclúense os gastos derivados da participación en feiras, misións comerciais, misións inversas, accións formativas e demais actividades previstas, tanto do persoal de ACRUAGA como dos Consellos Reguladores asociados, sempre que estean directamente relacionados coa execución do plan.

b) Alugueiros de espazos e medios

Comprenden o alugueiro de stands, salas, equipos audiovisuais, espazos expositivos ou infraestruturas necesarias para a realización de feiras, catas, eventos de prensa, accións promocionais e demais actividades incluídas no plan.

c) Gastos de publicidade e difusión

Inclúense os custos asociados á creación, produción e difusión de materiais promocionais, campañas de comunicación, contidos dixitais, catálogos, invitacións, soportes de imaxe e calquera outro elemento necesario para reforzar a visibilidade das accións e da marca Galicia como territorio vitivinícola. En todas as comunicacións deberá figurar o logotipo do Igape asociado ao da Xunta de Galicia.

d) Gastos de formación

Corresponden aos gastos derivados da organización, impartición e xestión dos programas formativos dirixidos ás adegas e persoal técnico, incluíndo honorarios de docencia, materiais formativos, alugueiros necesarios e demais custos directamente asociados.

e) Custos de persoal de ACRUAGA e dos Consellos Reguladores

Serán atendibles os custos correspondentes ás persoas que dediquen parte ou a totalidade do seu tempo ás actuacións do convenio. Estes custos poderán ser asumidos directamente por ACRUAGA ou polos Consellos Reguladores, segundo corresponda.

f) Consultaría ou asistencia técnica especializada

Inclúense os servizos profesionais necesarios para o estudo de mercados internacionais, asesoramento sectorial, secretaría técnica ou outras tarefas especializadas vinculadas ás actuacións recollidas no Plan de Internacionalización.



g) Gastos de secretaría técnica

Gastos asociados á coordinación xeral do programa, apoio administrativo, xestión documental, seguimento das accións e demais tarefas transversais necesarias para garantir o bo funcionamento do proxecto.

h) Outros gastos externos vinculados ao desenvolvemento das actuacións

Poderán imputarse outros gastos que, sen estar expresamente recollidos nos apartados anteriores, respondan de maneira indubidable á execución das actividades do convenio. Estes gastos deberán ser autorizados previamente pola Comisión de Seguimento.

Séptimo.- Evolución con respecto ao convenio anterior

A colaboración entre o Igape e ACRUAGA vén consolidándose desde 2019 a través de diferentes convenios que, de maneira progresiva, permitiron fortalecer a internacionalización dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.

O primeiro convenio, correspondente ao período 2019-2022, representou a fase fundacional na que se puxeron os alicerces do modelo actual. Nel formalizouse por primeira vez un traballo conxunto entre os Consellos Reguladores e o Igape, creouse ACRUAGA como entidade coordinadora e definíronse as primeiras actuacións estruturadas orientadas á promoción exterior. Foi unha etapa centrándose na implantación do sistema, na posta en marcha das ferramentas de xestión e gobernanza e na realización de accións iniciais como feiras, misións inversas, formación e secretaría técnica. A partir de 2021, coa segunda addenda, ampliouse tanto o orzamento dispoñible como o alcance das accións financiáveis, o que permitiu reforzar o proxecto nun contexto complexo marcado pola pandemia.

O convenio 2023-2025 supuxo unha evolución clara deste modelo inicial. Pasouse dunha etapa de construción a unha fase de consolidación, na que as liñas de traballo se sistematizaron e profesionalizaron. A planificación anual adquiriu unha estrutura máis definida, concentrando o esforzo en tres eixos principais: coordinación e xestión do plan, programas formativos e participación en feiras e misións directas ou inversas. Endurecéronse tamén os procedementos de xustificación e seguimento, reforzouse a coherencia da identidade sectorial conxunta e consolidouse un marco financeiro estable –cunha achega do Igape de 225.000 €– que permitiu manter a continuidade do plan ao longo do trienio. Esta etapa caracterizouse polo fortalecemento da cooperación interdenominacións, pola mellora da capacidade organizativa e pola ampliación da presenza internacional das adegas galegas.

O novo convenio 2026–2027 supón unha continuidade natural do proceso iniciado nos períodos anteriores, mantendo intacta a estrutura xa consolidada e baseada nas liñas de actuación tradicionais: coordinación e xestión do plan, programas formativos, participación en feiras e misións inversas. Estas liñas reforzanse para dar resposta á evolución dos mercados e á necesidade crecente de apoiar unha presenza exterior estable e profesionalizada do sector vitivinícola galego. Ademais, incrementase lixeiramente a contía global do orzamento ata os 312.500 €, dos que o Igape achega 250.000 €, mellorando así a capacidade de execución respecto ao período 2023–2025.



O convenio mantén a mesma estrutura operativa, os mesmos eixos estratéxicos e o mesmo modelo de gobernanza a través da Comisión de Seguimento, garantindo continuidade, coherencia e estabilidade ao Plan Conxunto de Internacionalización. Sen introducir novas liñas alleas ao convenio, esta etapa caracterízase pola optimización dos recursos dispoñibles, pola consolidación do esforzo conxunto das Denominacións de Orixe e pola mellora da planificación anual das accións..

Cadro comparado da evolución

Elemento	Convenio 2019-2022	Convenio 2023-2025	Convenio 2026-2027
Etapa	Creación e implantación	Consolidación	Expansión
Orzamento Igape	Ata 390.000 € (coas adendas)	225.000 €	250.000 €
Liñas de actuación	Secretaría técnica, eventos, formación, misións	Xestión, dixitalización, formación, feiras e misións	Xestión, formación, feiras e misións inversas.
Foco estratéxico	Poñer en marcha o modelo	Profesionalizalo	Modernizalo e amplialo
Coordinación	Creación de ACRUAGA	Fortalecemento operativo	Optimización e adaptación á demanda
Características distintivas	Arranque do plan e das estruturas	Impulso dixital e consolidación da identidade común	incremento da intensidade promocional

En conxunto, a evolución entre os convenios 2019-2022, 2023-2025 e 2026-2027 revela un proceso continuo de maduración: dende unha fase inicial centrada na creación das estruturas e no arranque do plan, pasando por unha etapa de consolidación e profesionalización, ata chegar ao momento actual, no que se avanza cara a unha modernización do modelo mediante a incorporación de ferramentas dixitais e unha optimización máis afinada dos recursos. O convenio 2026-2027 pretende, así, fortalecer o posicionamento internacional dos viños e augardentes galegos, garantindo unha maior capacidade de adaptación aos mercados e mantendo ao mesmo tempo a continuidade e coherencia do traballo desenvolvido ao longo dos últimos anos.

Oitavo.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos gastos e o procedemento de pagamento rexeranse polo establecido na Cláusula Sexta do convenio de colaboración entre o Igape e ACRUAGA.



Os gastos atendibles deberán estar realizados no período comprendido entre a data da sinatura do convenio e o 30 de novembro de 2027, data na que deberán estar realizadas todas as actuacións programadas. O convenio é prorrogable por dous anos adicionais.

A achega económica do Igape será aboada a medida que ACRUAGA vaia xustificando os gastos realizados, mediante certificacións trimestrais, que deberán presentarse dentro dos dez días naturais seguintes á finalización de cada trimestre. No caso do cuarto trimestre das anualidades 2026 e 2027, a documentación deberá remitirse antes do 30 de novembro do ano correspondente.

ACRUAGA deberá presentar, por vía electrónica, a documentación que acredite de forma completa e verificable os gastos asociados ás actuacións apoiadas. Esta documentación debe incluír, entre outros elementos:

- Memoria xustificativa asinada pola persoa representante, con descrición das actuacións realizadas, resultados obtidos e dossier fotográfico.
- Certificación dos gastos, segundo o modelo recollido no Anexo II do convenio.
- Facturas e documentos probatorios do pagamento, incluíndo transferencias bancarias ou extractos que acrediten a súa efectividade, non admitíndose pagamentos en efectivo.
- Nóminas, RNT, RLC, modelos 111 e certificados de dedicación do persoal imputado ao proxecto, tanto de ACRUAGA como dos Consellos Reguladores.
- Tres ofertas no caso de gastos externos superiores a 15.000 €, así como a xustificación da elección do provedor.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización para que o Igape as verifique.
- Declaracións responsables relativas á titularidade da conta bancaria, veracidade da documentación e existencia doutros posibles patrocinadores.

Unha vez revisada a documentación e comprobado que as actuacións se axustan ao previsto no convenio, o Igape procederá ao pagamento da parte correspondente da súa achega. Se se detectan variacións nas contías xustificadas, financiamento adicional non declarado ou gastos non axustados a prezos de mercado, aplicarase a minoración proporcional correspondente.

ACRUAGA deberá conservar toda a documentación durante o prazo establecido no convenio e poñela á disposición do Igape e dos órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma para as comprobacións que se consideren necesarias, incluíndo posibles verificacións *in situ* ou auditorías externas.

O director da Área de Internacionalización

Augusto Alvarez-Borrás Massó



ANEXO I

MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

	Tipoloxía gasto	2026	2027	TOTAL
Coordinación e xestión do Plan de Internacionalización	SERVIZOS	15.300 €	15.300 €	30.600 €
Programas formativos	SERVIZOS	2900 €	12500 €	15.400 €
	PERSOAL	800 €	3.500 €	4.300 €
Participación en Feiras e outros eventos promocionais. Misiões inversas	SERVIZOS	106.800 €	97.200 €	204.000 €
	PERSOAL	30.450 €	27.750 €	58.200 €
TOTAL		156.250 €	156.250 €	312.500 €

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/gastos subvencionables	2026	2027	TOTAL
Convenio IGAPE-ACRUAGA	Gastos de persoal	31.250,00 €	31.250,00 €	62.500,00 €
	Subministracións e servizos	125.000,00 €	125.000,00 €	250.000,00 €
	Outros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	155.555,55 €	156.250,00 €	312.500,00 €



ANEXO II
MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/gastos subvencionables	Importe actual	Importe anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación (Variación de custos/novas necesidades)
Convenio IGAPE-ACRUAGA	PERSOAL PROPIO DE ACRUAGA E DOS CCRR	62.500,00 €	44.186,00€	100%	18.314,00 €	41,44 %	Actualización de custos laborais e maior dedicación do persoal para reforzar a coordinación, seguimento e secretaría técnica do plan



ANEXO IV: MODELO CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actuación	Indicadores	Fito
Plan Estratéxico de Galicia	FONDOS PROPIOS	Eixe 3: competitividade e crecemento. Crecemento e competitividade das pemes, transición industrial e emprendemento PA 3.3 Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento. OE 3.3.3 Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEMES:	Empresas beneficiarias das actividades de internacionalización	250
			Empresas que inician ou incrementan exportación	100
			Empresas beneficiarias das actividades de formación	50
			Número de acción de internacionalización realizadas	9